

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. **Sinale a palabra que está escrita de forma correcta:**

- A) Extender
- B) Excavadora
- C) Extraño
- D) Extensivo

2. **Que recurso está presente na expresión "A miña chegada foi tan soada que aínda segue na casa a algarabía"?**

- A) Hipérbole
- B) Anáfora
- C) Paradoxo
- D) Personificación

3. **Indique cal dos seguintes non é sinónimo de "póla":**

- A) Galla
- B) Rama
- C) Pita
- D) Varelo

4. **Sinale cál das seguintes acepcións non é sinónimo de "vagalume":**

- A) Bicho de lume
- B) Coco de luz
- C) Vella do caldo
- D) Vagada

5. **Os vocábulos "vello" e "novo" son entre sí:**

- A) Sinónimos
- B) Antónimos
- C) Homónimos
- D) Pertencen á mesma familia léxica

6. **Sinale o significado correcto da palabra "cambadela":**

- A) Conxunto de cousas insertadas nun cambo
- B) Acción de moverse de un lado a outro de xeito irregular, coma se fose caer
- C) Volta que se dá pondo a cabeza ou as mans no chan virando o corpo
- D) Xentilicio feminino de Cambados

7. **Sinale cal das seguintes palabras non está escrita correctamente:**

- A) Bilingüe
- B) Mingüides
- C) Argúían
- D) Antigüidade

8. Sinale cal das seguintes é unha asociación errada do froito e a árbore que o produce:

- A) Ameixa–Ameixeira
- B) Mazá–Maceira
- C) Pera–Peral
- D) Amorodo–Amorodeira

9. Xentilicio de Fisterra:

- A) Fisteirrá
- B) Fisterrá
- C) Fisteirreiro/a
- D) Fisterriense

10. "Coñecemento" é un substantivo:

- A) Propio
- B) Concreto
- C) Abstracto
- D) Colectivo

Preguntas de reserva

1. A palabra "vén" posúe acento gráfico porque:

- A) é unha palabra monosílaba e todas as palabras monosílabas levan acento gráfico en galego
- B) é unha palabra que acaba en -n
- C) pertence ao presente de indicativo do verbo ver
- D) é un caso de acentuación diacrítica

2. "Caia" é unha forma verbal que pertence ao:

- A) presente de indicativo
- B) presente de subxuntivo
- C) pospretérito ou condicional
- D) imperativo